

IES VALADARES - PLAN PROXECTA “O MONTE VIVO”

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023-2024

- **Os nomes da Sobreira e Os sons da Sobreira:**

Durante todo o curso imos coñecendo a natureza que nos rodea. Ademais de moitas especies vexetais autóctonas propias de bosques, matogueiras... tamén atopamos especies animais como píntegas, toupeiras, saramagantas...
3º e 4º ESO (incluído 4º PDC), 1ª, 2ª e 3ª avaliacións.

Paxaros para descubrir esta primavera (paxaros presentes nos montes da contorna do instituto): denominacións en galego, castelán e inglés, características, distribución, hábitat, canto.
4º PDC, 3ª avaliación.

- **Elaboración dun viveiro forestal e hortícola na zona superior.**

4º PDC, 1ª, 2ª e 3ª avaliacións.

- **Control e erradicación de especies exóticas invasoras** (principalmente acacia negra) mediante extracción directa e descascado.

4º PDC, 3ª avaliación.

- **Lembrando o 15 do 17:** actividade de recordatorio da devastación que supuxeron para os montes vigueses os incendios do 15 de outubro de 2017 a partir de imaxes e vídeos reais. Triple trinta. O tetraedro do lume. Incendios de 5ª e 6ª xeración. Medios de extinción. Degradación do solo. Oportunidades que xurdiron a partir desemomento. Protección do solo e restauración do monte.

Entre tod@s fixemos interpretación tras o visionado de imaxes e vídeos reais.

3º e 4º ESO (incluído 4º PDC), 1ª avaliación.

- **O cabalo galego de monte:** importancia desta especie chave na conservación de hábitats de interese comunitario e o seu papel na prevención de incendios forestais, aproveitando o especial interese de alumnado e familias do centro, que teñen en propiedade cabalos galegos de monte e outras especies de pasto.

3º e 4º ESO (incluído 4º PDC), 1ª e 2ª avaliacións.

- **Caderno de campo:** observación directa e descrición/representación dos montes da contorna do instituto.

3º e 4º ESO (incluído 4º PDC), 1ª, 2ª e 3ª avaliacións.

- **O monte veciñal en man común:** actividade de coñecemento con integrantes das comunidades de montes da contorna.

Desde a Mancomunidade de Montes de Vigo explicáronnos a riqueza da nosa contorna e fixeron a actividade inicial de preparación dun evento multidisciplinar de coñecemento, coidado e desfrute da nosa natureza máis próxima para todo o alumnado e as súas familias.

4º ESO, 2ª e 3ª avaliacións.

- **Parque forestal de Beade:** visita de re-coñecemento e desfrute dunha infraestrutura básica dos montes da contorna do instituto.

2º e 3º ESO, 3ª avaliación.

- **Auga e pedra:** roteiro interdisciplinar polas mámoas e mananciais da contorna para coñecer e desfrutar o patrimonio natural e cultural dos nosos montes. Con profesorado de Arte e Educación Física.

4º ESO, 3ª avaliación.

- **Vivendas animais:** elaboración de casas de paxaros e hoteis de insectos que se colocaron na contorna do instituto. Con profesorado de Tecnoloxía.

4º ESO, 3ª avaliación.

- **O monte de máis aló:** O alumnado de 3º ESO fixo unha andaina polo monte Alba e acabamos a tarde nun parque de multiaventuras. Unha boa maneira de rematar o curso.

3º ESO, 3ª avaliación.

- **Cooperamos no monte:** O alumnado de 4ºESO participou no concurso "Cooperativismo no Ensino". O alumnado de Economía desenvolveu un proxecto titulado "Cooperativa xuvenil O Monte Vivo". Parabéns á profesora Silvia Comesaña e ao seu grupo por gañar un accésit co proxecto dunha cooperativa xuvenil de aproveitamento sostible do monte "O monte vivo". Tivemos un almuerzo como primeiro agasallo e un concerto do dúo Abril como agasallo final.

4º ESO, 3ª avaliación.

- **As letras no monte:** Arte e Natureza co Himno Galego e poemas de Luisa Villalta para celebrar o día das Letras Galegas

3ª avaliación.

- **Coidando das especies autóctonas:** Alumnos do Stembach prepararon extractos de plantas silvestres e invasoras para ensaiar o seu posible uso como bioherbicida nos laboratorios da Facultade de Ciencias da UVigo.

ESO, 3ª avaliación.

- **As letras no monte:** O alumnado da Johanna-Eck Schule de Berlín visitou o IES Valadares. O alumnado de 4ºPDC organizou unha visita á horta escolar que cultivan e o Johanna-Eck deixou a súa pegada en forma de sementes na leira do IES. Foi un pracer tel@s connosco.

2º ESO e 4º PDC, 3ª avaliación.

- **As árbores sagradas?????:** actividade mixta de imaxe e palabra sobre as árbores.

Creo que Belén quería facer algo sobre isto.

SEMANA CULTURAL

LAND ART

Na Semana Cultural tamén tivemos sesións de Arte na Natureza con 4ºESO: arte efímera, land art...
4º ESO. 2ª avaliación.

SEMENTANDO UN FUTURO SOSTIBLE

Os alumnos de 4ºPDC explicaron a todo 1ºESO como se cuida un invernadoiro e unha horta seguindo os principios da permacultura e da silvicultura próxima á natureza.

Así, todo o alumnado de 1ºESO visitou o invernadoiro, e ademais de coñecer os principios básicos destes sistemas, plantou sementes e plantóns axudados polos alumnos de 4ºPDC e a súa profesora.

1º ESO e 4ª PDC, 2ª avaliación.

ARTE E PATRIMONIO ANCESTRAL NOS NOSOS MONTES

Descubrimos a arte da Prehistoria nos nosos montes xunto co IES de Teis. Impartimos 2 obradoiros, un de arqueoloxía e outro de cerámica neolítica e el@s nos ensinaron a facer pintura paleolítica e a analizar coprólitos. Que gozada esta experiencia compartida! Graciñas ao IES de Teis e os seus profes por acompañarnos nesta xornada cultural.
2ª avaliación.

CAMPOLAMEIRO

O alumnado de 1º de ESO gozou dunha saída ao Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro. Alí descubriron os petróglifos (tan abundantes nos montes galegos) aprenderon sobre as armas de caza na Prehistoria e practicaron con elas! Tamén viron unha exhibición de como se facía lume na Prehistoria. Despois desta semana cultural xa son especialistas en Prehistoria!

1º ESO, 2ª avaliación.